

## LETRAS GALEGAS 2022

Bo día a todas e a todos. Rematastes de colocar un mural, froito do voso traballo e das profesoras e profesoras deste centro. Moitas grazas polo voso interese.

Mañá é o Día das Letras Galegas. Estou certo de que sabedes que a Real Academia Galega, no ano 1963 (aínda non estabades neste mundo), elixiu o 17 de maio para celebralo porque, cen anos antes (en 1863), nese mesmo día, a nosa poetisa máis recoñecida, Rosalía de Castro, publicou o seu libro Cantares gallegos. Así que, nesta data, homenaxeamos ás persoas que destacaron pola súa creación literaria en galego ou pola defensa da lingua propia de Galicia, algo que, sen dúbida, fixo Florencio Delgado Gurriarán, o personaxe que lembramos neste ano 2022.

Pode parecer que, a estas alturas, non é necesario reivindicar o uso da nosa lingua nun estado democrático e que presume de descentralizado. O certo é que, ao longo da nosa historia houbo altos e baixos significativos.

Como eu sei que todos sodes moi avispados, dou por feito que sabedes que o o galego é unha lingua romance e que, na Idade Media, foi unha lingua de prestixio, tanto pola súa literatura (as cantigas) como polo uso habitual da lingua nos documentos e leis da época.

Máis adiante, coa práctica eliminación da nobreza galega pola política dos Reis Católicos foi esmorecendo, e por iso seguro que vos explicaron que entramos nos chamados “séculos escuros”, nos que a literatura galega sufriu un claro retroceso e o pobo rural foi o que mantivo viva a lingua.

Será precisamente Rosalía, xunto con Curros, Pondal e moitos outros a que inicie o Rexurdimento das nosas letras no século XIX. A partir destas datas recuperamos o interese pola nosa lingua, cultura e tradicións.

A Xeración Nós, con Castelao á cabeza, completará esta labor feita polos devanceiros, levando a lingua á intelectualidade do país e espallando as ideas galeguistas que culminarían no Estatuto de Autonomía de Galicia, que non chegou a ser aplicado polo golpe de estado do xeral Franco que estableceu un réxime fascista (unha nación, unha relixión, unha lingua, o castelán). O galego non se pode usar nas escolas e queda en inferioridade. A lingua prestixiada é o castelán e mesmo se ridiculiza por incultos a aqueles que falan galego, labregos e mariñeiros do rural que aínda conservan a lingua. Así as cousas, os habitantes das cidades, mesmo os que proceden do medio rural, van introducíndose no castelán e identifican cultura co feito de falaren na lingua imposta.

Dicía Castelao: “A cidade pensa que fóra dela non hai máis que paisaxe, patacas e leite; ignoran que tamén existe unha cultura nobre e antiquísima”.

Florencio Delgado ten varios poemas, que vos recomendo, nos que trata esta situación de discriminación hacia o galego e nos que el ridiculiza tamén aos que, sen ter ningunha cultura, pensan que a teñen por falaren na lingua dominante.

É sorprendente que, con todo, o galego sobrevivira. De novo Castelao sentenciaba que o idioma imposto non logrou matar o noso idioma natural, pero logrou degradalo. E é certo. Perdemos vocabulario propio e a nosa lingua está chea de castelanismos dos que, por sorte, aínda se libran moitos vellos das nosas aldeas, os que sempre gardaron a lingua.

A medida que o franquismo foi cumprindo anos moitos intelectuais comezaron a recuperar o galego e, pouquiño a pouco, foron devolvendolle ao pobo a súa cultura literaria, musical ou artística.

Coa morte de Franco en 1975, coa chegada da democracia recuperamos o Estatuto de Autonomía e, no ano 1982 aparece a primeira normativa oficial do galego.

É frecuente escoitar que o galego non é unha lingua culta, algúns din que é un dialecto do castelán, que o fala moi pouca xente, que non serve para esta sociedade globalizada (mellor castelán ou inglés).

Mais o certo é que o galego vive tamén no portugués ou no brasileiro. Volve dicir Castelao que dentro de Portugal quedounos a metade da nosa terra e da nosa lingua.

E esta lingua que compartimos con portugueses e brasileiros, con Mozambique, Angola, Guinea Bissau, Cabo Verde, Timor Oriental, Macao, Sao Tomé e Príncipe e outros lugares ten nada menos que máis de 250 millóns de falantes no mundo e, polo tanto, ocupa un destacado lugar entre as 10 linguas máis faladas. Non é pouca cousa.

E, aínda que así non fose, a nosa obriga é conservar esta lingua que xa ten mil anos de historia, porque é patrimonio inmaterial do noso pobo, porque é a nosa identidade diante do mundo (Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma. De novo Castelao).

Así que todos nós, alumnos, alumnas, profesores, profesoras, país e nais temos a responsabilidade de transmitir a nosa lingua ás novas xeracións para que poida sobrevivir cando menos outras mil primaveras, como soñaba Cunqueiro.

E remato con outra cita de Castelao: A nosa lingua vive porque aínda temos moito que dicir nela.

Pasade todos e todas unha boa ponte das Letras Galegas vivindo en galego.